

ELECCIONES DE MEDIADORES



Se fará unha breve explicación na aula do NOF e do Plan de Convivencia polas mestras que desexen colaborar ou por parte da coordinadora de convivencia.

1- Que é o NOF?

É o conxunto de normas que fan que o noso cole funcione. Inclúe un Plan de Convivencia.



2- Que é o Plan de Convivencia?

É o conxunto de normas, dereitos e obrigacións que temos no cole. Nel se recollen medidas para evitar que se produzan situacións inxustas, para evitar que algúns nenos sufran por causa doutros nenos, para que os castigos sexan xustos e adecuados á falta que se comete e sobre todo para que poidamos aprender a ser mellores persoas cambiando a nosa actitude ou axudando a outros a facelo. Nos axuda a comprender que nosos actos teñen

consecuencias non só para nós, senon tamén para outras persoas. Axúdanos a evitar conflitos e a aprender a resolvelos de xeito pacífico.

3-Como imos participar?

Os alumnos de 3º a 6º que queiran ser mediadores, deberán presentarse



como candidatos para as eleccións.

Deberán presentar a súa candidatura na clase:

- Por qué queren ser mediadores?
- Cales son as características que os fan bos para isto?
- Como pensan axudar?
- Que pensan da importancia de que teñamos una boa convivencia?

Para elixir a estos nenos primeiro pensaremos ben a quen queremos elixir. Haberá unha votación que será segreda. Ninguén terá que saber a miña elección si eu non o quero dicir. Por iso escribiremos nun papel o nome do neno e da nena que queremos elixir. Se pode traer escrito da casa se alguén non quere que outros vexan o que escribe.



O día das eleccións meteremos o noso papel nunha urna e se fará o recuento de votos para saber que nenos foron os elixidos.

4- Que son os mediadores?

Son os nenos e nenas elixidos para axudar a resolver os conflitos de xeito pacífico.



5-Cal é a súa función?

- Axudar sempre que vexan que hai algunha pelexa, discusión.



- Non dar a súa opinión, suxerir solucións e deixar falar a todos




- Escoitar.



- Axudar a aqueles nenos que non teñen amigos.



- Escoitar aos nenos ou nenas que lles pidan axuda.



- Contar aquelas cousas que vexan que non están ben.



- Encargarse dos novos/as alumnos/as para facilitar a súa integración.



PROCESO NAS AULAS



- 1- Cada aula elixirá os mediadores que máis lles gusten daqueles que presentan a súa candidatura.
- 2- Serán elixidos por votación segreda.




- 3- No caso de empate voltarán a votar elixindo a un dos dous empatadas/os.
- 4- Os nenos/as elixidos serán convocados a unha reunión coa coordinadora de convivencia para aclarar as dúbidas que lles poidan xurdir sobre a tarefa que desenvolverán .
- 5- No caso de que algún dos nenos/as elixidos non desexe ser mediador/a, será elixido outro mediador/a seguindo o mesmo proceso.

Semana do 11 ao 22 de Novembro



Se explicará nas aulas o proceso e en que consiste. Os nen@s que desexen ser mediadores prepararán a súa candidatura e a presentarán nas aulas.

Luns día 25 de Novembro



Faranse as eleccións. Utilizarase unha urna que será colocada na entrada do colexio. O proceso comezará ás 9.00 e será 3º E.P. os que comecen. Unha vez terminada a votación, levarán os votos a aula e avisarán ao curso seguinte , e así sucesivamente ata que todos os cursos rematen a súa votación.

O recuento farase na aula e será comunicado a coordinadora de convivencia.

Martes día 26 de Novembro



Reunión dos mediadores coa coordinadora de convivencia na sala de xuntas na hora do recreo.

EQUIPO DE CONVIVENCIA. CURSO 2019-20

CEIP. ALMIRANTE JUAN DE LÁNGARA